



Factoría K de Libros, 2006

Mirar a Pintura a través dos séculos

Caroline Desnoëttes

A autora propón unha galería de arte dende o estilo gótico internacional, entre os séculos XIV e XV, ata a arte figurativa e abstracta de Chagall no século XX


Un libro de arte para saborear en familia, unha festa para os ollos, un saboroso achádego con 18 obras mestras da pintura. Invita a entrar a pasearse polas teas, a observar as cores, a examinar os detalles ampliados

Poetízate

Fran Alonso

Antoloxía da poesía galega contemporánea que se marca como obxectivo o achegamento dos lectores mozos ao xénero. Nun limiar, "A poesía non morde", o antólogo, o recoñecido poeta, narrador, editor e xornalista Fran Alonso presenta a súa concepción dunha escolma diferente.


O autor remata a escolma cunha "Visita guiada", onde Fran Alonso incorpora breves liñas de lectura sobre os autores e textos en clave coloquial e suxerente, evitando premeditadamente a lección maxistral.



Xerais, 2006




“O Segrel do Penedo”



**O espazo é pouco,
os libros son moitos. Anímate!
OOOOO OO OOOOO OO OOOOOOOO OO
ler!**

Suxestións



Anxos en tempos de chuvia **Manuel Vázquez Freire**

Anxos en tempos de chuvia é a historia dunha rapaza e tres rapaces que morren na madrugada viguesa dun sábado nun accidente de automóbil.

A novela cunha trama artellada moi coidadosamente, aborda dende temas tan actuais como a problemática dos accidentes de tráfico, a droga, o consumo de alcohol, a sida, o rock bravú, a lingua e a identidade galegas..., ata os temas de sempre da mocidade como o amor, a iniciación á sexualidade adulta, a reflexión sobre a relixión e a existencia, e sobre todo, a consideración da morte como unha experiencia vivida.

El alma del bosque


(Premio Leer es Vivir)

Manuel López Gallego

Novela chea de intriga que xira en torno ás aventuras dun rapaz delincente

O autor plantexa, cun orixinal enfoque, unha interesante reflexión sobre as posibilidades de reeducar a conduta dun delincente xuvenil.

Segundo os membros do xurado esta novela supón unha volta á natureza cun plantexamento orixinal, contado de xeito clásico”.



Everest, 2007

Literatura Xuvenil

Cordeluna

Eliá Barceló

Mil anos atrás unha historia de amor quedou truncada pola desgraza e unha maldición. Un poder tan maligno que conseguira reter aos seus espíritos xeración tras xeración. E mentres tanto, os amantes esperan..., condenados a reencontrarse e a perderse por culpa dos ciumes e o odio. O cabaleiro e a dama. O guerreiro e a doncela. Ata que un día, quizais na nosa época, séculos despois, un poder superior e benigno consiga romper o maleficio




Edebé 2007

Comandante Hussi

(Premio Gulbenkian)

Jorge Araujo

Esta obra plantexa unha reflexión sobre a inxustiza e a tiranía do poder, sobre a miseria dos desfavorecidos, a destrución e a traxedia da morte. Porque as feridas da guerra deixan unha pegada imborrable: "un país moribundo, rúas desertas cubertas de cadáveres, casas feridas de bala...". Hussi foi unha vítima máis dese drama, como outros que aínda transcorren no mundo actual privando a moitos nenos dunha vida plena.



Kalandraka, 2007